



CIRCULAR SOBRE O FUNCIONAMENTO DO CENTRO NO CURSO 15-16

A familias de alumnado do CPPI dos Dices:

Como xa saben, o CPPI dos Dices terá o seguinte horario no presente curso, tal e como informamos en canto a Consellería de Educación nolo confirmou (23 de xullo):

INFANTIL E PRIMARIA: 9:00-13:40 HORAS, LUNS E MARTES 15:40-16:30.
ESO: 9:00-14:40 HORAS, LUNS 16:40-18:20.

Nos meses de setembro e xuño, o horario será só de mañá. Disto tamén informamos en canto nolo comunicaron (9 de setembro).

Pois ben, a día de hoxe confirmáronnos que, nos días en que haxa clase pola tarde non haberá servizo de transporte a mediodía. O que non foron quen de concretarnos foi se todo ese alumnado que anteriormente tiña transporte a mediodía para ir comer á casa e voltar ás clases da tarde terá praza de comedor, aínda que nós interpretamos que si. Respecto a isto, seguiremos consultando o asunto e tratando de que poidan ser usuarios-as de comedor todos aqueles alumnos e alumnas que o precisen.

Dende esta Dirección queremos facer constar unha vez máis que os seguintes aspectos do funcionamento do centro:

1. O horario xeral do centro.
2. A xornada continuada neste mes de setembro (e en xuño).
3. As restricións no comedor escolar tanto en días de servizo como en número de prazas.
4. A distribución do transporte escolar.

Son **decisións alleas totalmente á nosa competencia**, é dicir, que son **aspectos que nos determina a Consellería de Educación**. Moitas veces incluso nin nos informan ao respecto ata que insistimos en preguntalo unha e outra vez. Nós seguiremos loitando en prol dos dereitos do noso alumnado e das súas familias, reivindicando a mellor educación posible.

En canto teñamos información definitiva informaremos de contado. Quedamos, como sempre, á súa disposición.

Rois, 15 de Setembro de 2015
O director

Rodrigo Costoya Santos